

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A "COOPERATIVA DE  
ARMADORES DE PESCA DEL PUERTO DE VIGO, SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA",  
PARA ORGANIZACIÓN DA "V EDICIÓN DO FESTIVAL ARVI DO PEIXE-VIGO SEAFEST  
2024"**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Antonio Basanta Fernández, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten previsto formalizar coa Cooperativa de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 4 de xuño ata o 15 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega, para organización do "V Festival ARVI do peixe-VIGO SEAFEST 2024".

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son ás seguintes:

"V Festival ARVI do Peixe- VIGO SEAFEST 2024"

A) Por parte de ARVI:

- Organización dos apartados de promoción do festival e relacións institucionais.
- Contratacións externas.
- Promoción e comunicación.
- Espazo gastronómico.



- Espazo actividades.
- B) Por parte da Consellería do Mar:
- Apoio a contratacións externas.
  - Apoio promoción e comunicación.
  - Apoio ao espazo gastronómico.
  - Apoio ao espazo de actividades
  - Mobiliario de cocina.
  - Acometidas e servizos xerais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.



A “Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega” (en diante, ARVI) é una institución que representa a todos os segmentos da flota e que exerce a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia. ARVI e as asociacións que a integran constitúen o grupo de armadores de buques pesqueiros máis importante de España e un dos máis importantes da U.E. Desenvolve para o sector actividades de formación, prevención de riscos laborais e promoción da investigación, desenvolvemento e innovación, entre outras, e ten, entre os seus fins, a promoción de especies (promover o valor engadido e a calidade das especies pesqueiras) e prospección de novos mercados para a introdución de novas especies. Neste liña de actuacións está a organización do “V Festival ARVI do peixe-VIGO SEAFEST 2024”.

Que por canto a Consellería do Mar e ARVI están interesados na potenciación dos produtos da pesca en Galicia así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta actividade, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das especies e prospección de novos mercados.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

